




BASE DA CONVOCATORIA

COMISIÓN DEONTOLÓXICA

**COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL
DE GALICIA**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia




XUSTIFICACIÓN

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, como corporación de dereito público, ten entre as súas funcións velar polo correcto exercicio da profesión e garantir o cumprimento dos principios éticos e deontolóxicos que a sustentan.

A Comisión Deontolóxica constitúe un órgano fundamental neste cometido, ao encargarse da análise, interpretación e promoción do Código Deontolóxico do Traballo Social, así como da orientación e apoio ás persoas colexiadas ante dilemas éticos no exercicio profesional.

Co obxectivo de reforzar o funcionamento desta comisión, garantir a súa continuidade e incorporar novas perspectivas profesionais, ábrese esta convocatoria para a incorporación de novas persoas integrantes.






OBXECTIVO

Reforzar a Comisión Deontolóxica mediante a incorporación de profesionais que contribúan á promoción da ética, a calidade da práctica profesional e o cumprimento do Código Deontolóxico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Garantir a pluralidade e diversidade na composición da Comisión.
 - Fortalecer a capacidade de análise e resposta ante cuestións éticas.
 - Promover a reflexión deontolóxica na práctica profesional.
 - Consolidar o papel da Comisión como órgano de referencia ética no ámbito do Traballo Social en Galicia.
- 




NATUREZA E FUNCIÓNS DA COMISIÓN

De acordo co regulamento, a Comisión Deontolóxica é un órgano consultivo que desenvolve, entre outras, as seguintes funcións:

- Velar pola correcta interpretación e aplicación do Código Deontolóxico
- Elaborar criterios orientativos e recomendacións en materia de ética profesional.
- Asesorar ás persoas colexiadas ante consultas de carácter deontolóxico.
- Emitir informes ou ditames á solicitude da Xunta de Goberno, incluídos aqueles relacionados con posibles vulneracións do Código.
- Promover accións formativas e de sensibilización en ética profesional.
- Contribuír á consolidación da confianza social na profesión e á garantía da boa praxe.






COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

Segundo o regulamento:

- A **Comisión** estará integrada por un **máximo de nove persoas**.
- A súa composición deberá garantir **pluralidade e diversidade de ámbitos profesionais**.
- A incorporación realizarase tras a valoración da Xunta de Goberno.
- As persoas integrantes deberán aceptar expresamente as súas funcións e o **compromiso de confidencializade**.
- A Comisión poderá contar co **asesoramento externo** (técnico ou xurídico) cando sexa necesario.





Perfil das persoas candidatas


As persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Titulación de Traballo Social
- Estar colexiada no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e estar ao corrente de pago das cotas colexiais.
- Experiencia profesional no ámbito do Traballo Social mínima de 10 anos.
- Compromiso coas valores éticos da profesión.

Valorarase positivamente:

- Formación e experiencia en ética e deontoloxía.
- Participación órganos colexiais, grupos de traballo ou investigación.
- Capacidade de análise e reflexión ética.
- Pluralidade e diversidade de ámbitos de intervención e coñecemento.





CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- A participación na comisión terá carácter **voluntario e non remunerado**.
- A designación realizarase pola Xunta de Goberno, conforme ao regulamento.
- As persoas integrantes comprométense a:
 - Participar activamente nas reunións e tarefas da Comisión.
 - Manter a confidencialidade das cuestións tratadas.
- As reunións realizaranse en formato presencial na sede do Colexio Oficial de Traballo Social en Santiago de Compostela. De forma excepcional poderase facilitar o acceso telemático.
- Os gastos de desprazamento ás reunións estarán cubertos polo COTSG.

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As persoas interesadas deberán remitir:

- CV actualizado
- Carta de motivación (máx. 1 páxina) indicando a provincia á que se presentan

As candidaturas enviaranse ao correo electrónico: info@traballosocial.gal

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN DE
CANDIDATURAS:
DENDE O 27 DE
ABRIL AO 10 DE
MAIO DE 2026**

PROCESO DE SELECCIÓN

A selección será realizada pola Xunta de Goberno tendo en conta os criterios de adecuación ao perfil, experiencia profesional, formación en ética e deontoloxía e representatividade e diversidade profesional

RESOLUCIÓN

A resolución da convocatoria será comunicada ás persoas candidatas e publicadas nas canles oficiais do Colexio.

